

ANTONIO PORTELA

- SUMILLIER -

Tinta Femia, parroquia de Cela, enseada de Bueu, norte, salitre, solpor nas Ons... A máxima expresión dun territorio, dun lar (lieu dit no francés dos terroir) alcánzase cando una caste noble como é o caiño tinto (caiño redondo) do mesmo tronco varietal ancestral que a aristocrática albariño, adáptase de tal maneira que, mantendo a súa linaxe (adn) varietal orixinal, transformase nun outro cultivar intransferible a outros territorios, único e propio dese terroir. Isto é o que aconteceu coa Tinta Femia no seu terroir: o anfiteatro no que se asenta a parroquia de Cela abrazando a enseada de Bueu, a orientación cara o norte, a caricia do solpor que se vai na contorna das Ons, o granítico...

A península do Morrazo posue numerosos e pequenos enclaves con identidade singular, pero por enriba de todos eles a tinta femia en Cela é o "primus inter pares" o verdadeiro estandarte da viticultura do Morrazo. Todos somos Morrazo, sen marcas privativas de ninguén. Sobrevoando calquer organigrama, xurisdicción, delimitación política ou escaparate circunstancial que se implante. Por iso estamos tranquilos mentres haxa viticultores mareiros que manteñan as cepas que amamos ninguén será quen de agochar esta realidade.

Viva a a tinta femia ceibe!!

